

A FÁBRICA DE POETAS

ROTEIRO POLO GUITIRIZ DE DÍAZ CASTRO

A FÁBRICA DE POETAS

ROTEIRO POLO GUITIRIZ DE DÍAZ CASTRO

Xosé María Díaz Castro regresou a Guitiriz unha vez xubilado para reencontrase coa súa patria poética, a chaira lucense, terra de escritores que marcaron a literatura galega. Este roteiro propón un percorrido pola vila para achegarnos dunha maneira diferente á obra de Díaz Castro e ó seu contexto literario.


Cada parada da visita está adicada a un aspecto da creación poética: o léxico, os referentes, a inspiración, a sonoridade... As actividades, creadas no IES Poeta Díaz Castro, son guiadas polo propio alumnado. O seu obxectivo é chegar o coñecemento dunha maneira lúdica sacando as aulas á rúa e co alumnado como protagonista da transmisión dese coñecemento.

- CONTIDOS: Literatura, Lingua, Expresión oral, Educación física, etcétera
- CURSOS: Actividade destinada a 1º ciclo ESO
- DURACIÓN: 3 horas + 1 hora camiñando
- INCLÚE: 6 actividades (25 min máx. en cada)
- CAMIÑAMOS: 3 km
- ROUPA: Actividade ó aire libre na vila
- PUNTO DE ENCONTRO: [IES Poeta Díaz Castro](#)
- DESTINO: [Vila de Guitiriz](#)
- ESPERA E XIRO DO BUS: IES Poeta Díaz Castro

Se **chove** reubicamos as actividades no centro:

Parada 01: Vestíbulo
Parada 02: Pabillón
Parada 03: Ximnasio

Parada 04: Biblioteca
Parada 05: Salón de A.
Parada 06: Pabillón



- 1 A FÁBRICA DE POETAS**
Benvida no IES Poeta Díaz Castro
- 2 AUTOR DUN ÚNICO LIBRO**
Barrio do Curro Vello
- 3 A VIAXE DO HEROE**
Estación do ferrocarril
- 4 O LÉXICO DE DÍAZ CASTRO**
Casa das Palabras
- 5 A VOZ DO POETA**
Casa Habanera
- 6 A APÓCEMA POÉTICA**
Campo da Feira

EQUIPO DO ROTEIRO

ANO	
GUÍAS	Parada 01 : Parada 02: Parada 03: Parada 04: Parada 05: Parada 06
ANFITRIÓNS	
COMUNICACIÓN	
LOXÍSTICA	

** Incluir o equipo vixente e o seu relevo que soe coincidir co cambio de ano. Reimprimirse esta folla cada curso ou cubrir a lápiz*

ANO	
GUÍAS	Parada 01 Parada 02: Parada 03: Parada 04: Parada 05: Parada 06
ANFITRIÓNS	
COMUNICACIÓN	
LOXÍSTICA	

PREPARATIVOS E LOXÍSTICA

LOXÍSTICA

1. SOLICITAR OS DATOS DA VISITA DOS QUE DISPORÁ A DIRECCIÓN DO CENTRO
2. MANDAR A UNIDADE DIDÁCTICA DE A LUS DO MUNDO PARA QUE A FAGAN COS VISITANTES
3. COMENTAR OS DETALLES DA VISITA COS COMPAÑEIROS E IDENTIFICAR NECESIDADES
4. DECIDIR SE SE FAN 2 OU 3 GRUPOS E QUE RUTA SE SIGUE, REMATANDO XUNTOS OU NON
5. ELIMINAR 1 OU 2 PARADAS POR GRUPO SE OS VISITANTES TEÑEN POUCO TEMPO
6. REPARTIR ROLES COS COMPAÑEIROS NO CASO DE QUE FALTE ALGÚN
7. REVISAR O MATERIAL E FACER AS IMPRESIÓNS: Pasaportes, versos,
8. TRALO ROTEIRO RECOLLER O MATERIAL DAS PARADAS
9. FACER LISTADO DE NECESIDADES DE REPOSICIÓN DE MATERIAL OU MELLORAS

** Existe un protocolo de loxística detallado que debe imprimirse e seguirse en cada visita*

COMUNICACIÓN

1. REVISAR SE O COLECTIVO QUE NOS VISITA TEN PERFÍS NAS REDES SOCIAIS
2. ANUNCIAR A VISITA ENLAZANDO AS PUBLICACIÓNS CO PERFIL DOS VISITANTES
3. PUBLICAR EN TWITTER A CHEGADA DO GRUPO Ó IES E ALGUNHA IMAXE DO ROTEIRO
4. SACAR FOTOS E VÍDEOS CURTOS EN CADA PARADA.
5. RECOMPILAR AS FOTOS QUE FIXERON OS GUÍAS VÍA WHATSAPP
6. PUBLICAR ÁLBUMS DE FOTOS EN FACEBOOK Ó REMATAR O ROTEIRO
7. ESCRIBIR NOS PERFÍS DOS VISITANTES AGRADECENDO A VISITA E O ENTUSIASMO
8. EDITAR O VÍDEO DA VISITA E SUBIR A YOUTUBE
9. ENLAZAR O VÍDEO NAS REDES SOCIAIS DE A LUS DO MUNDO

** Existe un protocolo de comunicación detallado que debe imprimirse e seguirse en cada visita*

PARADA 01
A FÁBRICA DE POETAS
IES POETA DÍAZ CASTRO

A FÁBRICA DE POETAS. PASO A PASO

1. PREPARAR O SET DOS PASAPORTES (coordinado co equipo de loxística)
2. DECIDIR QUE PUNTOS SE EMPREGAN NO XOGO E DISPONIBILIDADE DO ESPAZO
3. IMPRIMIR OS VERSOS, RECORTALOS E PEGALOS NAS POSICIÓNS
4. UBICAR AS POSICIÓNS NO MAPA PLASTIFICADO
5. REPARTIR AS POSICIÓNS ENTRE O EQUIPO DO ROTEIRO PARA QUE SE SITÚEN
6. OS ANFITRIÓNS RECIBEN O GRUPO NAS ESCALEIRAS EXTERIORES OU NO VESTÍBULO
7. INTRODUCCIÓN E EXPLICACIÓN DA ACTIVIDADE.
8. DIVIDIMOS OS VISITANTES EN GRUPOS DE TRES / CINCO E DÁMOSLLES O MAPA
9. EN CADA POSICIÓN O GRUPO RECITA O VERSO Ó UNÍSONO E COLLE UN PAPEL
10. O PUNTO DE REUNIÓN Ó REMATAR É O VESTÍBULO. FACEMOS A CONCLUSIÓN.
11. REPARTÍMOSLLES O PASAPORTE EN 2/3 CORES E PODEN PEGAR UN VERSO CADA UN
12. CADA GRUPO QUEDA FORMADO POLA COR DO PASAPORTE, RECIBEN O SELO E O MAPA
13. FACEMOS FOTO DE GRUPO E SAE CADA GRUPO COS GUÍAS DA SÚA PRIMEIRA PARADA
14. O RESTO DE GUÍAS VAN ÁS SÚAS PARADAS
15. OS GUÍAS DA PARADA 1, LOXÍSTICA E COMUNICACIÓN ACOMPAÑAN DE ANFITRIÓNS

A FÁBRICA DE POETAS. PRESENTACIÓN

Benvidos ó Instituto de Guitiriz. Como xa sabedes este centro chámase Poeta Díaz Castro que era de aquí, de Guitiriz, e a quen se lle dedicou o día das Letras Galegas no ano 2014. Ese ano foi tamén o centenario do seu nacemento e fixemos moitas actividades para comprender o seu mundo literario. A maioría desas actividades podedes atopalas na web A Lus do Mundo, onde temos vídeos, música e tamén roteiros virtuais.

Pero xa que estades aquí, o que vos propoñemos é un roteiro literario por Guitiriz, que comeza aquí no noso Instituto, cunha colleita de versos. Imos entregarvos un mapa do Instituto con puntos marcados onde atoparedes versos pegados na parede cun compañeiro noso ó lado.

Iredes en grupos e tedes que recitalo en voz alta para poder arrincalos. Cada grupo ten que recoller ao menos tres versos diferentes. Cando chegedes a un posto, se está ocupado, podedes ir a outro ou agardar. Intentade non facer moito barullo xa que hai xente nas aulas.

Tedes 10 minutos para facer a actividade e vémonos no hall.
A colleitar versos!

MATERIAIS NECESARIOS:

- As follas cos versos para ubicar polo IES
- Celo para pegar os versos
- Mapas do IES con pegatinas de ubicación
- Guías para estar ó lado de cada verso

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Antes de que cheguen os visitantes teñen que estar os versos pegados e os guías ubicados
- Recibimos os visitantes no exterior, pode ser un grupo moi numeroso, pedirles que se acheguen para que escoiten mellor.
- Para dividilos en grupos poñémolos en fila e repartimos un mapa a cada 3 ou 4 persoas dependendo do numeroso que sexa o grupo
- Os guías deben de estar pendentes do remate da actividade.

A FÁBRICA DE POETAS. DISTRIBUCIÓN DOS VERSOS.

COMO UNHA ESPADA	A beleza fireume para sempre
VELEIQUÍ OS HOMES	Velaquí os homes de soños sementados
COMA UNHA ÍNSUA	Pra te chamar, ouh nai, ouh insua miña!
COMA BRASAS	Poeta ou non eu cantarei as cousas
COMO UN ANXO AIRADO	Erte, fillo, como anxo airado
ESMERALDA	Herba pequerrechiña que con medo surrís
TERRA SUCADA	Terra sucada, poema de cen versos na outonía
O VERME I A ESTRELA	A lus do mundo é a que arde nunha bágoa
A NOITE É NECESARIA	Hai homes cheos de sombra
AI, CAPITÁN	Eu vinte contra o sol nunha hora tola
POLPA DORIDA	Ei, terra verde e mar de orballo

FÁBRICA DE POETAS. CONCLUSIÓN

Todos os versos que tedes na man pertencen a poemas de Nimbos, o único libro que Díaz Castro publicou en vida. Son 33 poemas que representan moi ben o rural galego no que naceu, rodeado de natureza e mística. Moitos de nós vivimos en aldeas moi parecidas á de Díaz Castro pero non sabemos se seremos escritores como el.

E vós? Seredes escritores? Hoxe podedes decidilo xa que este roteiro que acabades de comezar é unha fábrica de poetas que precisa dun pasaporte. Cando volo entreguemos poñede o voso nome e pegade un dos versos dos que colleitastes, despois pasade a que vos poñan o selo o voso acceso.

(O anfitrión de cada cor vai reunindo o seu grupo nun lado do hall)


Agora, vedes que estades divididos en grupos por cores. Cada grupo levará un mapa e fará o seu percorrido acompañado dun anfitrión. *(entregámoslles o mapa a cada grupo)* Agora, si, benvidos e boa viaxe poética!

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Temos que ter preparado nunha mesa celo e os pasaportes para que peguen o verso e colocar o selo.


MATERIAIS NECESARIOS:

- Un exemplar de Nimbos
- Os pasaportes de 2/3 cores
- Os bolígrafos co cordel
- Os 2/3 mapas para os grupos



- 1 A FÁBRICA DE POETAS**
Benvida no IES Poeta Díaz Castro
- 2 AUTOR DUN ÚNICO LIBRO**
Barrio do Curro Vello
- 3 A VIAXE DO HEROE**
Estación do ferrocarril
- 4 O LÉXICO DE DÍAZ CASTRO**
Casa das Palabras
- 5 A VOZ DO POETA**
Casa Habanera
- 6 A APÓCEMA POÉTICA**
Campo da Feira

2 grupos
pequenos que
rematan xuntos



LARANXA					
1	2	3	4	5	6

VERDE					
1	5	4	3	2	6

3 grupos ou 2
que non
rematan xuntos



LARANXA					
1	2	3	4	5	6

VERDE					
1	5	4	6	2	3

AZUL					
1	6	2	3	4	5

ACTIVIDADE		TEMPO
1		10.00-10.30
2		10.40-11.10
3		11.20-11.50
4		12.00-12.30
5		12.35-13.05
6		13.15-13.50

Este é un horario tipo do roteiro. Cada actividade non pode durar máis de media hora dende que chega o grupo ata que se vai. Hai desprazamentos máis longos que outros pero a media son 10 minutos camiñando entre paradas.

PARADA 02
AUTOR DUN ÚNICO LIBRO
CURRO VELLO

AUTOR DUN ÚNICO LIBRO. PASO A PASO

1. LOXÍSTICA COLOCA AS BALIZAS NOS PUNTOS MARCADOS E A CAIXA COS LIBROS NO BAR
2. REUNIMOS O GRUPO FRONTE Ó BAR PARA EXPLICAR A INTRODUCIÓN
3. REPARTÍMOLOS ENTRE LIBROS E AUTORES.
4. OS AUTORES RECIBEN UN FICHA CON PISTAS SOBRE QUEN SON E O QUE ESCRIBIRON
5. OS LIBROS RECIBEN CLAVES PARA RESPOSTAR ÓS AUTORES E O LIBRO NUN SOBRE
6. CADA LIBRO SITÚASE NUNHA BALIZA AGARDANDO POLOS AUTORES
7. INDICAMOS QUE O TEMPO DAS CITAS RÁPIDAS É 1 MINUTO E QUE Ó SONAR UN CHIFRE CÁMBIASE
8. CANDO LOCALICEN O SEU LIBRO VOLVEN Ó PUNTO DE SAÍDA.
9. FACEMOS A CONCLUSIÓN E FOTO DE GRUPO.
10. RECOLLEMOS O MATERIAL E COLOCÁMOLO PARA O SEGUINTE GRUPO OU LEVÁMOLO CONNOSCO



AUTOR DUN ÚNICO LIBRO. PRESENTACIÓN

Estamos no Curro Vello, o barrio máis antigo de Guitiriz. Aquí imos coñecer a outros escritores que como Díaz Castro publicaron un único libro pero que non redordan o seu título.

Imos axudarlles. A metade de vós seredes libros e a outra metade autores. Os libros estaredes nas balizas agardando polo voso autor. E os autores iredes de libro en libro ata averiguar se é o voso. As pistas están nestes sobres. O idioma no que está escrito, o protagonista da historia, se o autor é home ou muller, se hai película... O único problema é que os libros so poden contestarvos si, non ou non o sei. Así que lede ben a información do sobre antes de facer as preguntas ou dar as repostas.

Amosámosvos un exemplo (*explicamos a dinámica do xogo con Nimbos*) O meu compañeiro é un libro e eu son un autor. Aquí pon que me adicaron o Día das Letras Galegas así que lle pregunto se está escrito en galego. Nas súas pistas pon que é un clásico da literatura galega polo tanto, a resposta é si. E sigo facendo preguntas ata que estou seguro de que é o meu libro.

Se os autores atopades o voso libro quedade cando el. O resto, seguidе buscando de baliza en baliza. Pode que haxa autores que coincidan no libro que cren que é deles. Despois veremos quen acertou.

MATERIAIS NECESARIOS:

- Sobres cos libros e cos autores
- Balizas para colocar na zona

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Colocamos as balizas de maneira que todos os puntos indicados estean no campo de visión. Tantas balizas como grupos xoguen.
- Temos 6 libros, pero incluiremos no xogo os necesarios para dividir ó grupo a metade. Uns reciben sobre de libro e colócanse nas balizas e outros sobre de autor e son os que van de libro en libro buscando o seu.
- Os guías e anfitrións deben axudar ós autores a facer as preguntas adecuadas dependendo da información que teñen no seu sobre.
- Dar tempo ós autores para facer preguntas, non tocar o chifre demasiado rápido, cada 2 minutos ou así.

AUTOR DUN ÚNICO LIBRO. CONCLUSIÓN

Agora imos saber se acertastes á hora de escoller o voso libro. Que cada autor explique que libro escolleu e por que. Os que acertaron poderán coñecer o seu libro e facerse unha foto. *(Os autores que lean o seu perfil e o dos seus libros e entre todos decidimos se é correcto. Se é así dámoslles o libro en cuestión onde xa se ve o título e o autor para facer unha foto)*

Estas son as respostas correctas:

Arundhati Roy	<i>El dios de las pequeñas cosas</i>
Borís Pasternak	<i>El doctor Zhivago</i>
Luis Martín-Santos	<i>Tiempo de silencio</i>
Emily Bronte	<i>Cumbres borrascosas</i>
Harper Lee	<i>Matar a un ruiseñor</i>
J.D Salinger	<i>O vixía no centeo</i>

Agora para pasar á seguinte actividade tedes que anotar no voso pasaporte que libro destes vos gustaría ler algún día e quen o escribiu.

MATERIAIS NECESARIOS:

- Os libros para ir entregando a cada parella

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Ó final da actividade reunir a libros e autores e comprobar se acertaron todos. Facerse foto de grupo co libro.

PARADA 03
A VIAXE DO HEROE
ESTACIÓN DO TREN

A VIAXE DO HEROE. PASO A PASO

1. PREPARATIVOS: COLOCAR A MALETA COS ELEMENTOS DESTA PARADA ANTES DA CHEGADA
2. INTRODUCCIÓN NA PLATAFORMA DA ESTACIÓN
3. REPARTIMOS OS ROLES DE ULISES, PENÉLOPE E PRETENDENTES CON DISFRACES
4. EXPLICAMOS O MITO DE PENÉLOPE
5. QUITAR O POEMA DE PENÉLOPE DA MALETA, EXPLICAR A RELACIÓN CO MITO E CON DÍAZ CASTRO
6. RECITALO TODOS XUNTOS COS SONS
7. FACER UN DEBUXO NO PASAPORTE INSPIRADO NO MITO DE PENÉLOPE
8. CONCLUSIÓN: FAGAMOS UNHA MANIFESTACIÓN POÉTICA

A VIAXE DO HEROE. PRESENTACIÓN

Non vos ten pasado cando ledes un libro que ás veces pensades: “esta é a mesma historia que aquela que...” As historias coinciden porque en moitos casos os autores teñen os mesmos referentes literarios. Así que os temas que trata a literatura son os mesmos dende hai moitos séculos: o amor, a morte, a amizade, a busca...

No caso de Díaz Castro moitos dos seus referentes eran da literatura clásica grega. Como a Odisea, a historia de Ulises que escribiu Homero hai case tres mil anos. É a historia da viaxe do heroe, do regreso á casa. Coñécédela? Imos interpretala. Quen quere ser Ulises? E Penélope? *(colocámoslles ós voluntarios o atrezzo a medida que avanza a historia: coroas, maleta, lá)*

Estamos na illa de Ítaca e Ulises é seu rei que está casado con Penélope. Ulises marcha á Guerra de Troia e Penélope agarda por el, aínda que terá moitos pretendentes que queren casar con ela e insisten en que o Ulises xamais regresaría. Para non ter que casar de novo comeza a tecer un sudario e dilles ós candidatos que escollerá a un deles cando remate o remate. Pero Penélope tece polo día e destece pola noite para non ter que casar de novo. Dez anos despois da súa marcha Ulises regresa e recupera a súa posición e a súa muller.

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Temos todo o atrezzo no banco
- Colocar á xente contra a parede ou nos bancos para que vexan a obra

MATERIAIS NECESARIOS:

- Coroas de loureiro
- Maleta de Ulises
- La e agullas
- Altopalante
- Pau de chuvia
- Tarro con moedas
- Xornal para o son das follas de outono
- O poema de Penélope impreso

A VIAXE DO HEROE. CONCLUSIÓN

E por que vos contamos esta historia? Porque o poema máis famoso de Díaz Castro titúlase Penélope pero nel non hai ningunha muller. A nós gústanos lelo poñéndolle banda sonora, escoitade a ver que vos parece: *(Lemos o poema de Penélope cos sons de chuvia, moedas, barco, reloxo, pasos e outono nas palabras sulinadas. Facémolo unha vez de mostra e outra cos participantes. Os sons fanse ó final do verso)*

De que pensades que fala Díaz Castro neste poema? Quen sería Penélope? Por quen agarda? Penélope é unha metáfora de Galiza que agarda polos emigrantes que marcharon dende sitios coma este, a estación de tren. Díaz Castro tamén foi emigrante e cando viña de vacacións facíao moitas veces no tren. Vivía en Madrid e cando se xubilou regresou a Guitiriz onde pasou os seus últimos anos.

Ese regreso de Díaz Castro foi tamén cando se comezou a reivindicar a súa poesía. Nós queremos seguir reivindicándoa e por iso imos facer unha manifestación poética ata a nosa seguinte parada!

(Collemos o estandarte e o megáfono e saímos cara a seguinte parada coreando as consignas)

- MÁIS POESÍA, MENOS TELEVISIÓN
- O QUE NON BOTE É QUE NON SABE VERSAR, É QUE NON SABE VERSAR...
- SEN SOÑOS NON HAI LUS!

PENÉLOPE

UN Paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus soños non se move,
a espranza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os **bois** e **chove**.

Un bruar de **navíos** moi lonxanos
che estrolla o sono mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volves a escoitar a **chuva**.

Traguerán os camiños algún día
a **xente** que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu **desmo**.

Desorballando os prados como sono,
o **tempo** vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o **Outono**.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

PARADA 04
O LÉXICO DE DÍAZ CASTRO
CASA DAS PALABRAS

O LÉXICO DE DÍAZ CASTRO. PASO A PASO

1. TEMOS AS CADEIRAS COLOCADAS ARREDOR DAS MESAS PARA PODER FACER O BINGO
2. CANDO CHEGAN FACÉMOSLLES UN PEQUENO PERCORRIDO POLA CASA DAS PALABRAS
3. SENTÁMOLOS ARREDOR DA MESA E FACEMOS A INTRODUCCIÓN
4. XOGAMOS ATA QUE ALGUÉN CANTA BINGO
5. COMPRÓBAMOS QUE O BINGO É CORRECTO DICINDO O SIGNIFICADO DE CADA PALABRA
6. ACLARAMOS O RESTO DE PALABRAS QUE SAIRAN
7. REPARTIMOS A TORTA DE GUITIRIZ E O LÉXICO POR SE QUEREN MIRALO.
8. MENTRES COMEN A TORTA PEDÍMOSLLES QUE ENCHAN O OCO NO PASAPORTE

O LÉXICO DE D.C. PRESENTACIÓN

Estamos na Casa das Palabras de Xermolos, unha Asociación Cultural creada por Alfonso Blanco. Alfonso e Xermolos son en boa medida os responsables de que hoxe esteamos falando de Díaz Castro pois foron os que recuperaron a súa figura e obra para Galiza.

Cando regresou a Guitiriz, Díaz Castro pasou moito tempo aquí, sobre todo na sala do lado, onde está a biblioteca e onde se lle fixo a última homenaxe, en 1990, uns meses antes da súa morte.

Xermolos é o depositario do legado de Díaz Castro e aquí conservan libros, libros, cartas, fotografías, recortes de prensa... Cousas persoais do poeta que podedes ver nas vitrinas. Por exemplo, aquí tedes fotografías da súa infancia, libros cos que estudou. Este abrigo era del. Este busto de bronce fíxollo o seu amigo Raúl Ríu. Nesta vitrina de aquí tedes por exemplo, unha edición orixinal de *Nimbos* do ano 1961 e todas as reedicións que se fixeron despois. Cal vos gusta máis? Botade unha ollada.

(Deixamos que boten un vistazo ó seu aire)

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Facemos un pequeno percorrido pola Casa das Palabras e despois deixámoslos que boten unha ollada.
- Despois sentámoslos na mesa para xogar ó bingo.

MATERIAIS NECESARIOS:

- Bingo
- Cartóns e fabas
- Léxico
- Torta de Guitiriz.

O LÉXICO DE D.C. XOGO E CONCLUSIÓN

Agora sentámonos porque imos xogar un bingo.

Por suposto que non é un bingo calquera, é o bingo das palabras de Díaz Castro. El empregaba un léxico moi particular nos seus poemas e utilizaba léxico da zona de Guitiriz que é o que tedes nos cartóns. Agora, imos sacar números cos que vos damos unha definición, se credes que esa definición se corresponde cunha palabra do voso cartón, marcádea. Cando teñades todas, cantade bingo.

(Repartimos cartóns e fabas e xogamos ó bingo ata que alguén canta)

Cantaron bingo! Agora imos comprobar que é correcto e revelar que palabras saíron e que o mellor non soubestes identificar *(Lemos as definicións que saíron e revelamos a que palabra corresponden)*

O premio deste bingo é unha torta de millo de Guitiriz que imos compartir antes de continuar o roteiro. Mentres a comemos tedes que escribir no voso pasaporte algunha das palabras novas que aprendestes.

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Unha das guías saca un número, a outra le a definición da palabra correspondente con ese número.
- A que vai quitando os números que vaia anotando as palabras que saen
- Cando alguén canta bingo compróbase que saíron tódalas palabras e acláramos o seu significado e tamén do resto de palabras que saíron.
- Ó rematar o bingo deixamos os léxicos sobre a mesa por se queren comprobar as palabras dos seus cartóns e repartimos a torta.

MATERIAIS NECESARIOS:

- Bingo
- Cartóns e fabas
- Léxico
- Torta de Guitiriz e coitelo.

O LÉXICO DE DÍAZ CASTRO

1	ABRENTE	A PRIMEIRA LUZ DO DÍA. AMENCER
2	BRASAS	MATERIA COMBUSTIBLE QUE SE MANTÉN ACESA PERO SEN CHAMA. ASCUA
3	FACHA	PRESA DE PALLA ATADA QUE SE ACENDE PARA ALUMAR. FACHUZO
4	NIMBO	CÍRCULO LUMINOSO QUE ARRODEA A CABEZA DOS SANTOS OU OBXECTOS SAGRADOS. AUREÓLA, HALO
5	DESORBALLAR	SACUDIRLLE O ORBALLO A UNHA PLANTA
6	CHORIMA	FLOR DO TOXO OU DA XESTA. CHORIDA
7	CERNA	PARTE INTERIOR E MÁIS DURA DO TRONCO DUNHA ÁRBORE
8	RÍO	CURSO NATURAL E PERMANENTE DE AUGA DOCE QUE EDSEMBOCA NO MAR, NUN LAGO OU NOUTRO CAUCE
9	CHOIVA	AUGA QUE CAE DAS NUBES EN FORMA DE PINGAS
10	CAMIÑO	ESPAZO TRAZADO E DISPOSTO PARA PODER IR DUN LUGAR A OUTRO
11	SUCO	ESCAVACIÓN LONGA E POUCO PROFUNDA FEITA NUN TERRO PARA SEMENTAR. REGO
12	BORRALO	PO OU CONXUNTO DE RESIDUOS QUE QUEDAN ´ Ó QUEIMAR ALGO TOTALMENTE, CINZA
13	VIMBIO	VARA DE VIMIEIRO FINA, LONGA E FLEXIBLE, VIME
14	LOUSADO	CUBERTA DUNHA CASA TAPADA POR LOUSAS, SIMILAR Ó TELLADO
15	MEIGA	MULLER QUE ATRAE, QUE ENFEITIZA, FEITICEIRA
16	CENTEO	PLANTA MOI SEMELLANTE Ó TRIGO, COAS ESPIGAS MÁIS LONGAS E DESGADAS
17	FRAGA	MONTE CON MOITA VEXETACIÓN, BOSQUE
18	UVA	FROITO DA VIDE DO QUE SE OBTÉN VIÑO
19	MAUS	PARTE DO CORPO SITUADA NO EXTREMO DE CADA BRAZO
20	LUSQUEFUSQUE	MOMENTO DO DÍA EN QUE A LUZ DESAPARECE E AS COUSAS VENSE COMO SOMBRAS, ANOITECER

PARADA 05
A VOZ DO POETA
CASA HABANERA

A VOZ DO POETA. PASO A PASO

1. COLOCAMOS O ATRIL PARA A SUBASTA CO CRONÓMETRO IMPRESO E O MAZO
2. RECIBIMENTO E INTRODUCIÓN NA PARTE BAIXA DA CASA HABANERA
3. SUBIMOS Ó PRIMEIRO ANDAR E PEDIMOS QUE SE SENTEN NAS PRIMEIRAS FILAS
4. EXPLICAMOS A DINÁMICA DO XOGO
5. FACEMOS A SUBASTA DE CINCO OU SEIS POEMAS DEPENDENDO DO TEMPO DISPOÑIBLE
6. PEDÍMOSLLES QUE ESCOLLAN UN VERSO PARA O SEU PASAPORTE

A VOZ DO POETA. PRESENTACIÓN

Esta é a Casa Habanera de Guitiriz e foi a primeira escola de bacharelato que houbo na vila. Como moitas das escolas do século vinte foi construída con aportacións feitas por emigrantes a América. Neste cadro de aquí tedes os rostros e nomes das persoas que contribuíron á súa construción.

Pero hai moito tempo que a Casa Habanera xa non é a escola. Agora é un edificio municipal que se utiliza para exposicións, charlas, etcétera. Tamén ten unha biblioteca na parte de arriba.

Este edificio é importante na vida de Díaz Castro porque aquí deu o seu primeiro recital de poesía en Galiza. Foi en 1984, cando o poeta xa tiña 70 anos e regresara a vivir aquí. A ese recital acudiron moitos escritores da Terra Chá e de toda Galiza como Manuel María, quen consideraba a Díaz Castro como un mestre.

Este recital foi o primeiro recoñecemento público que recibiu na súa terra, máis de vinte anos despois de publicar Nimbos. Pois ben, imos emular ese recital cunha subasta de poemas que faremos na parte de arriba.

(Pedímoslles que suban e se senten na parte de arriba)

A VOZ DO POETA. XOGO E CONCLUSIÓN

Imos subastar poemas, pero non de Díaz Castro, senón doutros autores da literatura universal cos que coincidiu no tempo. Díaz Castro falaba nos seus poemas da natureza, do campo, de Galicia, de Deus, do regreso á terra, da melancolía... Agora imos descubrir de que falaban outros poetas, nese mesmo momento, noutros lugares do mundo.

Primeiro escollemos o poema e tedes que apostar canto tardariades en lelo. É unha poxa, así que quen ofrez a duración e lectura máis curta sairá a demostrar que é posible ler o poema nese tempo. Imso co primeiro

(Damos a escoller a alguén da primeira fila.

Lemos a presentación do poema, amosámolo e comezamos coa poxa.

Comezamos en 60 segundos e poden poxar en múltiplos de 5 segundos)

Adxudicado! Agora tes que lelo nese tempo. Para asegurarnos de que se entende a lectura alguén do público terá que ser capaz de repetir un verso ou dicir de que trata o poema.

(Poxamos catro ou cinco poemas. Ó final deixámoslos sobre a mesa) Fin da poxa!

Agora para continuar tedes que vir a escoller un dos versos e anotalo no voso pasaporte

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Os guías colócanse no escenario e os participantes sentanse nas primeiras filas.
- Alguén do público escolle un poema, amosámolo dicindo cantos versos ten e propoñemos un tempo de saída para poxar á baixa.
- O obxectivo é que o lean no menor tempo posible.
- Ollo coas baixas temerarias de tempo, se pensamos que non se pode ler no tempo que propoñen pódese declarar poxa nula e comezar de novo.
- Se o grupo é numeroso facemos dous equipos para competir no tempo de lectura.
- A quen se lle adxudicue o poema ten que levantarse a lelo
- Alguén de loxística cronometra para ver se cumpre co tempo.
- Ó rematar a lectura alguén do público ten que ser capaz de repetir un verso, demostrando que a lectura foi comprensible

MATERIAIS NECESARIOS:

- Poemas para a subasta
- Conómetro ou móbil
- Tempo para a subasta
- Mazo

PARADA 06
A APÓCEMA DA POESÍA
CAMPO DA FEIRA

A PÓCIMA DA POESÍA. PASO A PASO

1. COLOCAMOS OS CORDEIS COA INSPIRACIÓN EN LUGARES ALGO PRÓXIMOS ENTRE SI
2. INTRODUCCIÓN DE BENVIDA
3. PEDÍMOSLLES QUE SE POÑAN EN FILA POR DATA DE NACEMENTO SEN FALAR
4. SE É UN GRUPO MOI NUMEROSO DIVIDÍMOLO EN DOUS, UN PARA CADA GUÍA
5. PROPOÑÉMOSLLES XOGOS PARA CHEGAR ÓS CORDEIS DE INSPIRACIÓN
6. A ORDE DOS XOGOS É: DUCHA / A CEGAS / TAXI
7. UNHA VEZ TEÑEN AS FICHAS DE INSPIRACIÓN PEDÍMOSLLES QUE ESCRIBAN UN VERSO
8. FACEMOS UNHA FOTO DE GRUPO E DESPEDÍMOLOS

A APÓCEMA DA POESÍA. PRESENTACIÓN

Este é o Campo da Feira de Guitiriz. Díaz Castro viviu os seus últimos anos nun piso nesta rúa e pasaba moito tempo no parque, xa que era moi conversador e gustáballe falar cos nenos. Esta escultura de aquí é unha homenaxe ó seu poema máis infantil, Esmeralda: Herba pequerrechiña, que con medo surrís, o sol que vai nacendo e morrendo sen ti...

Parece un haiku, verdade? Os haikus son poemas xaponeses de verso libre e inspirados na natureza. Que vos inspira a vós? Imos axudarvos. Neses cordeis tedes colgadas inspiracións para que creedes o voso propio haiku, como se fose unha apócema da poesía. Pero chegar a inspiración non vai ser fácil

(A división en dous grupos faise se no grupo son dez ou máis)

Primeiro dividímonos en dous grupos e para iso o primeiro reto é colocarse en fila por data de nacemento pero sen falar. Tedes que empregar a mímica para saber se alguén vai antes ou despois de vós.

(Divimos a fila en dous e cada guía quédase cun grupo)

Agora, para chegar ás fontes de inspiración hai que cumprir uns requisitos para avanzar en grupo. Unha vez que chegedes cada un pode escoller unha inspiración e colgala da camiseta.

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Os cordeis deben de colocarse antes da chegada dos grupos en sitios visibles e non excesivamente alonxados
- Os guías repartiranse previamente en que orde mandan os seus respectivos grupos a cada cordel.
- Ó inicio, reunimos o grupo para a introdución diante do monumento ó poema de *Herba pequerrechiña*.
- As actividaes poden facerse en dous grupos ou nun so.

MATERIAIS NECESARIOS:

- Cordeis
- Pinzas grandes para suxeitalos
- Tarxetas de inspiración

A APÓCEMA DA POESÍA. XOGOS.

1. **A ducha.** Para escribir, o primeiro paso é quitarnos os prexuízos dándonos unha boa ducha. Facemos dúas filas enfrontadas e o último vai pasando polo medio mentres os demais imos dándolle unhas boas fregas e así avanza a fila ata a corda. Unha vez aló que cada un colla unha inspiración e a colgue na camiseta.
2. **A cegas.** Os escritores non siguen manuais, van a cegas sobre o papel en branco, así que imos facer o mesmo, ir a cegas ata o seguinte cordel de inspiración. Poñémonos en fila cos ollos pechados. Só os abre o último da fila, que irá pasando instrucións sobre o camiño. Un golpe nos dous ombros significa avanzar e dous golpes, parar. Un golpe no ombro dereito significa virar á dereita; no esquerdo, virar á esquerda. Hai que ser rápidos para que a mensaxe chegue rápido adiante.
3. **Taxi.** Xa estamos limpos de prexuízos e aprendimos a camiñar a cegas, pero para escribir tamén podemos deixarnos levar. E iso imos facer. O primeiro que grite “taxi!” será levantado polo grupo que avanzará moi xunto levándoo no aire ata que outro grite “taxi!”, nese momento, deixamos a un para coller ó outro. Sempre moi xuntos e sempre cara a seguinte fonte de inspiración.

A APÓCEMA DA POESÍA. CONCLUSIÓN.

(Sentámoslos no centro cando rematan) As frases que tedes colgadas das vosas camisetas son a vosa apócema para escribir, a vosa inspiración, así que coa enerxía do xogo podedes escribir o voso propio *haiku* no pasaporte.

(Conclusión se esta é a súa última parada, se non continúan para a seguinte)
Este pasaporte que ten a forma dun libro de cordel é o recordo do voso paso pola nosa fábrica de poetas. Moitas grazas a todos por vires a coñecer Guitiriz e a Díaz Castro.

CARTA BALANCE

A FÁBRICA DE POETAS

ROTEIRO POLO GUITIRIZ DE DÍAZ CASTRO

Primeiramente, grazas por vires e participar con tanto entusiasmo das actividades do noso roteiro. Invitámosvos a visitar a web alusdomundo.com onde podedes revivir esta xornada de actividades co [roteiro interactivo de Guitiriz](#).

Na web atoparedes outras propostas didácticas relacionadas coa obra de Díaz Castro e que poden facerse en calquera lugar. Tamén podedes, se non o fixestes xa, a ver os documentais, a película e as cancións que fixemos. Está todo na web!

Por último, recordarvos que as imaxes da visita estarán á vosa disposición no apartado de novidades e no [Facebook](#). Agardamos que a experiencia fose boa e por suposto, calquer suxerencia de mellora será máis ben que benvida.

Vémonos na próxima!

A FÁBRICA DE POETAS

[Xogando con versos](#)

AUTOR DUN ÚNICO LIBRO

[Unidade didáctica](#)

[Outras actividades de Literatura](#)

A VIAXE DO HEROE

[Unidade didáctica](#)

[Díaz Castro e a cultura clásica](#)

O LÉXICO DE DÍAZ CASTRO

[Unidade didáctica](#)

[Outras actividades de Lingua](#)

A VOZ DO POETA

[Poesía no tempo de Díaz Castro](#)

A APÓCEMA POÉTICA

[Literatura de cordel](#)

A FÁBRICA DE POETAS

ROTEIRO POLO GUITIRIZ DE DÍAZ CASTRO

Un proxecto do IES Poeta Díaz Castro